



Estimadas familias:

CIRCULAR LIBROS DE TEXTO

Segundo a orde do 16 de Maio de 2017 pola que se convoca a participación no fondo solidario de libros e se convocan axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar,

DISPONSE:

Que o alumnado matriculado en **1º e 2º** de primaria para o curso 2017/18 adquirirá os libros mediante axudas para a adquisición de libros de texto.

RENDA PER CÁPITA	ASIGNACIÓN
Igual ou inferior a 5.400 euros	170 euros
Entre 5.400 e 9.000 euros	90 euros

#### Requisitos

Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9000 euros.

Presentar o Anexo I (ED330B) máis a documentación que se detalla nos seguintes apartados.

O alumnado matriculado en **3º e 4º** de Primaria para o curso 2017/18 obterá os libros de texto do fondo solidario do centro( libros do curso anterior)se o desexa e cumpre os requisitos. Estes libros asignaranse por orde inversa á renda per cápita familiar, garantindo

RENDA PER CÁPITA	ASIGNACIÓN
Igual ou inferior a 5.400 euros	6 libros
Entre 5.400 e 9.000 euros	4 libros

De non chegar os existentes neste intre, o centro deberá adquirilos

Así mesmo a contía das axuda para adquirir material escolar será de 50 euros tan só para rendas per cápita familiares iguais ou inferiores a 5.400 euros.

#### Requisitos

Ter devolto os libros de texto adquiridos coas axudas do curso anterior antes do 23 de Xuño.

O alumnado matriculado en **5º e 6º** para o vindeiro curso deste centro está incluído no proxecto EDIXGAL polo que non precisa libros de texto.



### Documentación esixida

As axudas serán solicitadas polo pai, nai, titor ou representante legal do alumno ou familia de acollida de ser o caso.

- Anexo I ( que se recollerá en secretaría, descargarse na páxina web do colexio no portal educativo o una sede electrónica Xunta de Galicia), unha por cada alumno.
  
- Fotocopia do libro de familia. Se a situación que reflicte o libro non coincide coa actual a 31/12/2015.
  - Certificado de empadronamento da unidade familiar, sentenza de separación ou divorcio ou certificado que acredite a situación familiar.
- Certificado do grao de minusvalidez dalgún membro da unidade familiar, de ser o caso.
- Certificado de incapacidade permanente ou documentación acreditativa da condición de pensionista dalgún dos membros da unidade familiar, de ser o caso.
- No caso de violencia de xénero: documentación acreditativa.
- Se os solicitantes autorizan á axencia tributaria a comprobar a veracidade dos datos, non terán que presentar máis documentación. De non autorizar deberán presentar DNI de tódolos membros computables así como fotocopia da renda 2015.

O prazo de presentación de instancias remata o 23 de Xuño. **O horario de secretaría é de luns a venres de 9.30 a 10.20.**

**Lembrámoslles que as fotocopias deben ir acompañadas do orixinal para poder compulsala.**

### Concepto de unidade familiar

A unidade familiar está conformada por pais non separados legalmente( casados ou non), titores legais do menor,fillos menores de idade, maiores de idade con discapacidade ou menores de 25 solteiros e que convivan no domicilio familiar.

Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñan en común.

A persoa que por novo matrimonio ou convivencia viva no domicilio familiar .  
( Presentar certificado de convivencia)



No caso de familias monoparentais só o membro que conviva co causante.

Renda per cápita

Tendo en conta esto, para obter a renda per cápita deberase dividir a renda da unidade familiar ( obtéñse sumando os recadros 380+395 do exercicio fiscal 2015 de tódolos membros computables) entre o número de integrantes da unidade. No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros. Computan por dous , de ser o caso,os membros que teñan unha discapacidade superior a 33%.

Atentamente,

O equipo directivo ( selo)